

ANUNCIO CALENDARIO FISCAL 2024

Por Decreto de Alcaldía número 1579/2023 de data 26 de decembro 2023, aprobouse o calendario fiscal do Concello de Boiro para o 2024 co seguinte contido:

“Primeiro.- Aprobar o Calendario Fiscal de cobro dos tributos municipais de vencemento periódico e notificación colectiva para o exercizo **2024**, sendo este o seguinte:

| Padrón Fiscal 2024 | Periodo de cobro en voluntaria | Cobro das domiciliacións bancarias |
|--|-----------------------------------|------------------------------------|
| IVTM (Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica) | Do 21 de outubro ó 23 de decembro | 21 de novembro |
| 1º trimestre da taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica en recintos de titularidade ou explotación municipal Parking municipal | Do 22 de abril ó 21 de xuño | 22 de maio |
| 1º trimestre da taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica en recintos de titularidade ou explotación municipal Bonos aparcadoiro | Do 22 de abril ó 21 de xuño | 22 de maio |
| 1º trimestre da taxa pola prestación de servizos no mercado municipal. | Do 22 de abril ó 21 de xuño | 22 de maio |
| 1º trimestre da taxa por instalación de postos, barracas... situados en terreos de uso público, así como industrias na rúa e ambulantes . | Do 22 de abril ó 21 de xuño | 22 de maio |
| 1º trimestre da taxa por subministro auga, lixo e sumidoiro | Do 22 de abril ó 21 de xuño | 22 de maio |
| 2º trimestre da taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica en recintos de titularidade ou explotación municipal Parking municipal | Do 22 de xullo ó 23 de setembro | 21 de agosto |
| 2º trimestre da taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica en recintos de titularidade ou explotación municipal Bonos aparcadoiro | Do 22 de xullo ó 23 de setembro | 21 de agosto |
| 2º trimestre da taxa pola prestación de servizos no mercado municipal. | Do 22 de xullo ó 23 de setembro | 21 de agosto |



| | | |
|--|---|---|
| 2º trimestre da taxa por instalación de postos, barracas... situados en terreos de uso público, así como industrias na rúa e ambulantes . | Do 22 de xullo ó 23 de setembro | 21 de agosto |
| 2º trimestre da taxa por subministro auga, lixo e sumidoiro potable | Do 22 de xullo ó 23 de setembro | 21 de agosto |
| 3º trimestre da taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica en recintos de titularidade ou explotación municipal Parking municipal | Do 21 de outubro ó 23 de decembro | 21 de novembro |
| 3º trimestre da taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica en recintos de titularidade ou explotación municipal Bonos aparcadoiro | Do 21 de outubro ó 23 de decembro | 21 de novembro |
| 3º trimestre da taxa pola prestación de servizos no mercado municipal. | Do 21 de outubro ó 23 de decembro | 21 de novembro |
| 3º trimestre da taxa por instalación de postos, barracas... situados en terreos de uso público, así como industrias na rúa e ambulantes . | Do 21 de outubro ó 23 de decembro | 21 de novembro |
| 3º trimestre da taxa por subministro auga, lixo e sumidoiro | Do 21 de outubro ó 23 de decembro | 21 de novembro |
| 4º trimestre da taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica en recintos de titularidade ou explotación municipal Parking municipal | Do 20 de xaneiro ó 20 de marzo do ano seguinte ó que corresponden | 20 de febreiro do ano seguinte ó que correspondan |
| 4º trimestre da taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica en recintos de titularidade ou explotación municipal Bonos aparcadoiro | Do 20 de xaneiro ó 20 de marzo do ano seguinte ó que corresponden | 20 de febreiro do ano seguinte ó que correspondan |
| 4º trimestre da taxa pola prestación de servizos no mercado municipal. | Do 20 de xaneiro ó 20 de marzo do ano seguinte ó que corresponden | 20 de febreiro do ano seguinte ó que correspondan |
| 4º trimestre da taxa por instalación de postos, barracas... situados en terreos de uso público, así como industrias na rúa e ambulantes . | Do 20 de xaneiro ó 20 de marzo do ano seguinte ó que corresponden | 20 de febreiro do ano seguinte ó que correspondan |
| 4º trimestre da taxa por subministro auga potable | Do 20 de xaneiro ó 20 de marzo do ano seguinte ó que corresponden | 20 de febreiro do ano seguinte ó que correspondan |
| Licenza de mercadillo taxa por instalación de postos, | Do 20 de xaneiro ó 20 de marzo do ano seguinte ó que | 20 de febreiro do ano seguinte ó que |



| barracas... situados en terreos de uso público, así como industrias na rúa e ambulantes. | corresponden | correspondan |
|--|-----------------------------------|----------------|
| IAE (Imposto sobre Actividades Económicas) | Do 21 de outubro ó 23 de decembro | 21 de novembro |
| Taxa polo servizo de cemiterio municipal | Do 21 de outubro ó 23 de decembro | 21 de novembro |
| Taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parade de vehículos, carga ou descarga de mercadorías. | Do 21 de outubro ó 23 de decembro | 21 de novembro |
| Taxa por aproveitamentos especiais da vía pbca con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pbca | Do 21 de outubro ó 23 de decembro | 21 de novembro |
| IBI-rústica (Imposto sobre Bens Inmóbles Rústica) período voluntario non acollido a SEP: | Do 20 de marzo ao 20 de maio | 22 de abril |
| IBI-urbana (Imposto sobre Bens Inmóbles Urbana) período voluntario non acollido a SEP: | Do 20 de marzo ao 20 de maio | 22 de abril |
| IBI-Urbana 1º prazo SEP IBI-Rústica 1º prazo SEP | ----- | 22 de abril |
| IBI-Urbana 2º prazo SEP IBI-Rústica 2º prazo SEP | ----- | 5 de xuño |
| IBI-Urbana 3º prazo SEP IBI-Rústica 3º prazo SEP | ----- | 5 de xullo |

Segundo. Que os datos tributarios e demais elementos tributarios dos tributos periódicos, salvo as altas nos respectivos rexistros, serán notificados colectivamente o amparo do establecido polo artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Terceiro. Que os padróns fiscais e matrículas correspondentes aos tributos locais, serán expostos ao público no BOP de A Coruña e no departamento de Recadación do Concello.

Cuarto. Anuncio de cobranza.

Establécese como modalidade de pago a que se detalla a continuación:

O cobro dos tributos de cobro periódico por recibo axustarase aos seguintes criterios:

A) Prazos de ingreso: os prazos de ingreso no período voluntario serán os establecidos no calendario fiscal aprobado.

B) Modalidades de cobro: a recadación dos tributos municipais e demais ingresos de dereito público que se xestionen mediante padróns fiscais ou matrículas realizarase exclusivamente a través das entidades bancarias colaboradoras.

C) Domiciliación bancaria (Orden SEPA): Pódese domiciliar o pago dos tributos persoalmente na Oficina de Recadación, ou ben mediante a súa remisión ao Rexistro Xeral do Concello cunha antelación mínima de un mes dende o inicio



do período de cobro voluntario do correspondente padrón ou matrícula no que se atope incluído o recibo que se quere pagar mediante esta modalidade. As solicitudes recibidas con posterioridade a esa data terán efectos no seguinte período de cobranza.

D) Sistemas especiais de pago: os contribuíntes que o consideren poden acollerse aos sistemas especiais de pago regulados, aplicándoselle a bonificación que figure na ordenanza fiscal en vigor.

E) Lugares, días e horas de ingreso:

1. Nas oficinas das entidades bancarias colaboradoras coa recadación, os días que sexan laborables para éstas durante o horario de atención o público de caixeiros.
2. A través da banca electrónica ou na rede de caixeiros das entidades colaboradoras, calquer día e hora.
3. Na pasarela de pagos do Concello habilitada na páxina WEB: www.boiro.gal

As Entidades colaboradoras coa recaudación: Abanca, Banco Sabadell, Caixabank.

Dacordo co establecido no artigo 24.2.d) do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, advírtese que transcorrido o prazo de ingreso as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e serán devengados os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Quinto. Contra os actos de aprobación dos padróns fiscais ou matrículas e as liquidacións tributarias que os mesmos conteñen, os interesados poderán interpoñer, con carácter obrigatorio e previo a vía contencioso administrativa, o recurso de reposición previsto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, e artigo 108 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. De non notificarse resolución expresa no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ó da súa presentación, entenderase desestimado, sen prexuízo de posterior resolución, non vinculada ó sentido do silencio, podendo interpor recurso contencioso-administrativo nos termos previstos no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, conforme á interpretación dada pola STC 14/2006 de 16 de xaneiro de 2006 segundo a cal non preclúe o prazo reaccional ante o silencio administrativo, ou calquera outro que conveña aos seus intereses.

Sexto. Publicar o presente acordo no BOP de A Coruña e no Taboleiro de anuncios do Concello.”

En Boiro a 26 de decembro de 2023

O Alcalde-Presidente

José Ramón Romero García

